

Xabier Limia Gardón

Membro fundador do Grupo Francisco de Moure

**ENTREGA DO PREMIO FRANCISCO DE MOURE 2009
Á ASOCIACIÓN DE AMIGOS VÍA DA PRATA DE OURENSE**

Foi no verán de 1996, entre o 6 e o 13 de xullo, cando fixen con eles aquela grande peregrinación a Santiago que tivo un carácter reivindicativo. Foi a posta de largo do grupo. Daquela saímos dende Lubián, territorio galego por fala e costumes sito en Zamora, ata a catedral de Santiago, onde entramos con música de gaitas de Laza para a misa na xacobeica capela do Pilar. Eran xa -mais aínda non o sabían-, a Asociación de Amigos Vía da Prata de Ourense. Dende que o camiño francés fora declarado «Itinerario Cultural Europeo» polo Consello de Europa en 1987, e trala delimitación oficial da Xunta dos camiños de Galicia en 1996 (Lei 3/1996, de 10 de Maio, D.O.G., 23.V.1996, BOE 25.VI.1996) o feito de peregrinar pola Serra Seca cara Xunqueira de Ambía, e logo pola «costiña» de Canedo, e Oseira, era unha forma de facer crer ós funcionarios da Xunta das bondades dun itinerario para andar contemplando a natureza por camiños e estradas de baixo volume de tráfico, co *plus* engadido dunha sobranceira riqueza etnográfica e artística, nun itinerario polo que historicamente camiñaron tamén moitos galegos cara a sega en Castela.

Tiña entón xa lazos de amizade con varios deles, como Pepe Pavón e Oscar Sánchez, ou Elías Mera. Mais de seguida, dende aquela festa diaria polo camiño, ó que acodían a diario xentes que se agregaban no paso polo seu concello, a convivencia extendeuse a outros do grupo, como Venancio González, Manolo Debén, Pili Muñiz, José M. Lamelo, Margarita Bazarra, José Ramón Gago ou Gamallo e Maribel Outeiriño. Entre eles, eran un núcleo singular o do escultor Carballo co señor Vilas e o doutor Elixio Rivas, compañeiro do Grupo Francisco de Moure. Mais a amizade se singularizou en José Antonio Quintas. Ámbolos dous temos andado a divulgar por Portugal e Galicia, en Congresos e Semanas culturais, o patrimonio de Ourense dende os camiños. Xuntos temos atravesado Galicia dende Ourense a San Andrés de Teixido ou ata Fisterra, compartindo tempo e arelas, no ronsel do verán. O camiño, pola mañanciña, ou no solpor, foime achegando tamén, no decurso dos anos a Eligio Nieto, Paco Barros ou Vidal García, entre outros.

O traballo entusiasta de desbroce e sinalización do grupo fundacional, dende os primeiros anos noventa, fixo que Ourense se unise así á Vía da Prata, acadando para a nosa provincia un status de excelencia. Mais a súa labor deberá ser aínda ousada e teimuda pois aínda distan de estar conqueridos tódolos fins, xa que a Xunta segue a chamarlle Camiño do Sudeste /Vía da prata, facendoa ir dende Ourense por Cudeiro, Tamallancos e Faramontaos ata Cea. E dende aquí por Cotelas, ata o concello de Piñor, polo Arenteiro e o Reino. Xa que logo a lei de 1996 non é efectiva, a Unesco emitiu un informe determinante e apremiante en 2007, dende o ICOMOS (Consejo Internacional de Monumentos y Sitios), porque falta o fundamental: o de definir o trazado das auténticas rotas xacobeas e determinar a franxa de protección da paisaxe a ámbalas beiras do camiño, sendo fundamental o do «entorno inmediato» e non menos importante, por amplo, o da zona de «amortiguamiento», que ten que ver coa perspectiva e cos elementos sensoriais da paisaxe que ve o peregrino. Porque o importante é o camiño, máis aló dos eventos culturais da Consellería. Mentres ese día non chega o Grupo Francisco de Moure outórgalle á Asociación de Amigos Vía da Prata de Ourense o Premio 2009 «por la eficaz recuperación de este camino de peregrinación de tanta trascendencia espiritual y cultural para Ourense» (cf. Acta do premio).